



**ACTA DO PROCESO SELECTIVO CELEBRADO PARA A SELECCIÓN DE EDUCADORES/AS
AMBIENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DO CENTRO DE
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)**

Con data 5 de novembro de 2018 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de dous/dúas Educadores/as Ambientais, segundo as bases aprobadas en setembro de 2018 (convocatoria publicada no xornal Ideal Gallego).

Persoas Presentadas:

- 1.- Paloma Tenreiro López – Candidatura retirada por ela mesma por no cumprir os requisitos mínimos esixidos
- 2.- Mónica Agrazo Martínez
- 3.- Sergio París Gómez


Admitidos/as:

- 1.- Mónica Agrazo Martínez
- 2.- Sergio París Gómez

Sendo as 10:30 horas do día 13 de Novembro de 2018 constitúese no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, o Tribunal de Selección para designar as persoas que cubrirán con carácter temporal 2 prazas de Educadores/as Ambientais para a realización dos servizos denominados "Coordinación de Proxectos de Educación Ambiental e Uso Público vinculados aos Espazos Naturais Protexidos" e "Coordinación de Proxectos de Educación Ambiental e Uso Público vinculados ao Castelo de Santa Cruz e a súa contorna" a desenvolver no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA.

Comparecen os seguintes membros da Comisión de Selección :

- Presidente : D. Carlos Vales Vázquez
- Vogal 1 : D. Marco Sotelo Acuña
- Vogal 2 : D. Carlos Aymerich Cano
- Vogal 3: Dna. Mar Ponte Maestre
- Secretaria : Dna. Carmen Borobio Vázquez





Á hora sinalada da comezo a fase de concurso coa análise dos curriculums presentados e posteriormente comeza a fase do oposición coa realización da entrevista persoal aos aspirantes e a defensa da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración dos curriculums son os seguintes :

a) Formación(ata un máximo de 5 puntos):

1. Por estar en posesión dalgún dos títulos esixidos na base 3.6 de este anexo: 2 puntos.
2. Por estar en posesión dun máster oficial universitario directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria: 0,5 puntos ate un máximo de 1 punto.
3. Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos ou homologados por organismos oficiais e directamente relacionados coas prazas obxecto da presente convocatoria:
 - Formación de menos de 15 horas: 0,05 puntos cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 15 e menos de 30 horas: 0,10 cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 30 horas: 0,25 cada un ata un máximo de 1 punto.


b) Experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por exercicio profesional como Educador/a Ambiental: 0,5 puntos por cada 3 meses ata un máximo de 3 puntos.
2. Por outros méritos desenvolvemento de actuacións vinculadas ao posto de traballo: ata un máximo de 2 puntos.

Fase de concurso: máximo 10 puntos.

Unha vez rematada a fase de concurso, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase concurso
Mónica Agrazo Martínez	9,9
Sergio París Gómez	8,5



Posteriormente, comeza a fase de oposición no que se procede á entrevista profesional e á valoración da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración da entrevista e a memoria son:

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Fase de oposición: máximo 15 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
Mónica Agrazo Martínez	11
Sergio París Gómez	11

Finalmente, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación obtida polos candidatos/as é a seguinte

Candidato/a	Puntuación final
Mónica Agrazo Martínez	20,90
Sergio París Gómez	19,50




Dacordo coa puntuación obtida, acórdase conceder as prazas aos seguintes aspirantes:


Praza de Educador/a Ambiental para Coordinación de Proxectos de Educación Ambiental e Uso Público vinculados aos Espazos Naturais Protexidos

- Sergio París Gómez

Praza de Educador/a Ambiental para Coordinación de Proxectos de Educación Ambiental e Uso Público vinculados aos Castelo de Santa Cruz e a súa contorna.

- Mónica Agrazo Martínez





Ás 11.15 horas dáse por finalizado o acto do que eu, como secretaria do Tribunal de Selección dou fe, asinando a presente acta en proba de conformidade, tódolos membros da mesma, presentes en dito acto.

Asdo. D. Carlos Vales Vázquez
Presidente do Tribunal

Asdo. D. Marco Sotelo Acuña
Vogal 1 do Tribunal

Asdo. D. Carlos Aymerich Cano
Vogal 2 do Tribunal

Asdo. Dña. Mar Ponte Maestre
Vogal 3 do Tribunal

Asdo. Dña. Carmen Borobio Vázquez
Secretaria do Tribunal

